

20 ANIVERSARIO  
O SALÓN



# O SALÓN

XX SALÓN INTERNACIONAL  
DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL  
DE PONTEVEDRA

Antonio García Teijeiro, autor homenaxeado

## A REVOLUCIÓN

Do 22 de marzo ao 12 de abril de 2019  
Pazo da Cultura de Pontevedra  
[www.salondolibro.gal](http://www.salondolibro.gal)

.....  
**A LUSOFONÍA**  
CULTURA CONVIDADA



O  
SAL  
ÓN

## Vinte anos de revolución!

Hai unha vella canción que di que vinte anos non son nada, mais para nós vinte anos son —case— todo.

**O Salón chegou hai vinte anos á nosa cidade** con vontade de revolucionala. E así o fixo, cambiounos á cidade e á nós.

Con el aprendemos que a literatura infantil e xuvenil non era só cousa de crianzas,  
e que non era a rama pobre da Literatura —que din— con maiúsculas.

Que as ilustracións non son debuxiños que adornan o texto, que son quen de contar a súa propia historia.

Que as lecturas, se son compartidas, tórnanse máis enriquecedoras e divertidas.

Que os contos lidos ou narrados en voz alta dan caloriña ao corazón e arredan o medo e o frío.

Que a música tamén serve para inventar universos.

Que hai moitos mundos que nunca coñeceremos se non nos atrevemos a mergullarnos nas páxinas dos libros.

Co Salón tamén aprendemos que as cousas só medran se se fan con ilusión e co traballo de todos e todas,  
por iso chegamos ata aquí, pola equipa de xente xenerosa que ao longo destas dúas décadas foi deixando o seu tempo,  
coñecemento, boa vontade, enerxía, devezos e soños, sen os que tería sido imposible celebrar este vinte aniversario.

**Esta festa é vosa,** de todas as crianzas, familias, docentes, escolas, bibliotecas... que pasastes algunha vez —ou todas as veces— polo Salón,  
para escoitar contos, lelos ou gozar dos mundos máxicos que tentamos crear coa ambientación cada ano.

Moitos chegastes a primeira vez como cativos e cativas e agora nos acompañades como pais e nais, ou traballando con nós,  
como monitores ou contando contos, impartindo obradoiros...

O Salón, igual que a nosa cidade, transformouse e transformounos nestes vinte anos,  
desde o claro compromiso de que as crianzas nesta Boa Vila (que dá de ler a quen pasa) son a medida de todas as cousas.  
Coincidimos con Borges en que as cidades son libros que se len cos pés e temos o orgullo de afirmar que a nosa lese con pés de neno e de nena.

**Celebremos estes vinte anos e brindemos porque veñan máis vinte!**

# O SAL ÓN

XX SALÓN INTERNACIONAL  
DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL  
DE PONTEVEDRA

## A REVOLUCIÓN

## HORARIO

**De luns a xoves:** De 17.00 a 20.00 h

**Os venres:** De 17.00 a 20.30 h

**Os sábados e domingos:** De 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.30 h

**O Recinto Feiral**, ademais, abre **sábado e domingo todo o día**.

## INSCRICIÓNS NAS ACTIVIDADES

Para garantir a calidade dos obradoiros, reducimos o seu aforo. As inscricións faranse **no mesmo día media hora antes do inicio da actividade** por orde de chegada no lugar onde se imparta a mesma. Vide con tempo para asegurar a vosa praza! Agradecemos a vosa comprensión e lembrade que no punto de información, e tamén coa equipa de monitores poderedes resolver calquera dúbida que teñades.

**Algunhas actividades requiren inscrición previa por outras vías.**  
**Consulta no programa a maneira de inscribirte nestas actividades especiais.**

## NOVIDADE!

Atendendo ás vosas peticións **abrimos o Recinto Feiral** tamén **no mediodía das fins de semana** cun servizo de cantina con petiscos lusófonos.

## LEMBRA!

### VENDA DE ENTRADAS \*

No vestíbulo do Auditorio do Pazo da Cultura 1 hora antes de cada función e de maneira anticipada na billeteira Central da Casa da Luz desde o luns da semana na que se celebra o espectáculo.

As entradas para espectáculos celebrados na **sala de obradoiros** venderanse unicamente na porta de acceso a este espazo desde unha hora antes. Estes espectáculos non teñen venda anticipada.

\*Ten en conta que para acceder a cada un dos espectáculos cada persoa debe ter unha entrada, independentemente da súa idade e de que ocupe ou non unha localidade. As idades dos espectáculos son recomendadas o que non significa que os espectadores con idades inferiores ás recomendadas non teñan que pagar localidade.

Lembra que non se permite acceder ao Auditorio e ao Salón de Actos con carriños ou cadeiras de bebés.

Este folleto é meramente informativo e pode sufrir variacións.

Consulta a información actualizada na web do Salón:

[www.salondolibro.gal](http://www.salondolibro.gal)

# LUSOFONÍA

## CULTURA CONVIDADA



Podedes petiscar a mellor literatura infantil e xuvenil lusófona dentro do propio Salón coas librerías:

Seijas • Paz • Luna Nueva



E, para coñecer os sabores da lusofonía, os seguintes establecementos hostaleiros da cidade prepararán receitas típicas dos países convidados ou ben petiscos e pratos inspirados neles:

Sopa de Gallo • A Taberna do Jazz • Hama • La Gramola • Pintxoviño • Cre-cottê • Peregrinus Pontevedra • Dr. Livingstone • El Cafetín de la Alameda • Barbol • Borona • Vetula Ponte • Kamal Gastroteca • A Adega dos Avós • Causa Street Food • Meigas Fora • Restaurante La Cámara • La Pomada • El Pequeño • Sala Karma • Cafetería Orly • La Espuela • Trasnos e bruxas • La Marujita • Mulligans • La Fuga de Blas • La Quesera • Tapería El Pecado • Banana • Cafetería Sonata • Bocarte • A Casa da Leña • Ice Wolf • Nirvana • Botica • La Culpa de la Gula • O roxo • Tabula Rasa • La Platería • Café Moderno • Abuelitas Copas • Taberna Zentola • La Posada Indiana • PonteGrill • Taberna Saudade • Timón tapas • Loaira • Eirado da Leña • La Casa de las 5 Puertas

### CANTINA LUSÓFONA

E no recinto do Salón, a nosa cantina lusófona abrirá as fin de semana da man de “Rúa 19” e “O Forno de Lana”.



### A lusofonía, cultura convidada

No Salón queremos seguir sendo unha fiestra aberta ao mundo, un punto de encontro de linguas, culturas e literaturas coas que relacionarnos e enriquecernos. Nesta XX edición non só convidamos un país, senón unha lingua, a portuguesa, á que queremos reivindicar e visibilizar. Lingua irmá do noso idioma, cómpre cruzar pontes e atravesar océanos para falarnos, ouvírnos e celebrar o que nos une, amosar ás crianzas que co galego podemos percorrer o mundo e comunicarnos con máis de 250 millóns de persoas no planeta. Farémolo a través de palabras escritas e narradas, de imaxes, teatro, música e gastronomía. A “lusofonía”, en verbas de Chico César, invadirá de novo a nosa cidade, con sotaques de Portugal, Brasil e Angola dos nosos convidados e convidadas.

De Brasil contaremos coa presenza da escritora, tradutora e xornalista **Marina Colasanti**, unha das voces máis sólidas e recoñecidas do país. Tamén nos visitarán os ilustradores **André Neves**, ben coñecido polo noso público, e **Roger Mello**, Premio Andersen de Ilustración que por primeira vez visitará Galicia. Do ámbito da mediación lectora, **Volnei Canonica**, divulgador e mediador con dilatada experiencia. A poesía brasileira tamén cruzará o Atlántico, na voz de **Henrique Rodrigues** e a narración oral virá da man de **Benita Prieto**, natural do Rio de Janeiro mais filla de galegos. Temos moitos brasileiros e brasileiras na nosa terra, que tamén quixemos facer partícipes: na música, o “brasilego” **Sérgio Tannus** e noso veciño **Gustavo Almeida** (en compañía da nosa amiga poeta luso-franco-pontevedresa **Elisabeth Oliveira**). Na gastronomía lusófona, **Amelia Andrade** deixaranos un bo sabor de boca dos países lusófonos e como editor, representando a Urutau, tamén nos acompañará **Wladimir Vaz**. A presenza desta delegación toda está apoiada pola **Embaixada do Brasil en España**, á que agradecemos inmensamente o seu labor.

Do sur do Miño, de Portugal, virán a editora e ilustradora **Mafalda Milhões**, comisaria da exposición “MOTIM”, un percorrido pola ilustración portuguesa actual, que estará no Museo da nosa cidade (Sexto Edificio). Acompañaranos neste

XX aniversario a ilustradora **Ana Biscaia**, Premio Nacional de Ilustración de Portugal, galardón que tamén recibiu o noso convidado **Afonso Cruz**, unha das voces creadoras máis singulares do país, tanto na escrita como na ilustración. Tamén nos visitarán as ilustradoras **Ana Seixas**, **Eva Vieira**, finalista do concurso de carteis do Salón, **Margarida Botelho** e **Cátia Vidinhas** e o editor, ilustrador e responsable de “Braga em risco”, **Pedro Seromenho**. Da escrita infantil e xuvenil, **João Pedro Mésseder**, un dos autores máis consolidados visítanos de novo, e incorporamos ao programa unha das novas narradoras, **Ana Pessoa**, que está a ter gran proxección entre a mocidade lusa. Do Alentejo achégase a narradora **Bru Junça**, cos seus contos, cantos e tapetes cheos de historias. Do ámbito da mediación, **Ana Margarida Ramos** aporta a súa dilatada experiencia na investigación da LIX. A música virá da voz e a guitarra de **João Afonso**, unha das figuras máis importantes da música portuguesa e ben coñecido na nosa cidade, que actuará en solitario e tamén como convidado do espectáculo máis lusófono de María Fumaça e **Andante Teatro** porá en escena versos de Fernando Pessoa para bebés.

Esta ampla e variada mostra portuguesa conta co apoio da **Direção-Geral do Livro, dos Arquivos e das Bibliotecas (DGLAB)** e do **Instituto Camões-Centro Cultural Português** en Vigo.

De Angola temos o pracer de recibir a visita do poeta e tradutor **Zetho Cunha Gonçalves**, que nos achegará tanto a súa produción poética propia como a poesía e a tradición oral do seu país.

Coa mostra “Os obxectivos do desenvolvemento sostible do Fondo Galego de Cooperación teremos propostas plásticas de Mozambique, Cabo Verde e Guinea-Bissau.

Sen dúbida a presenza desta delegación será toda unha revolución na nosa cidade, con ese propósito foi lanzado o convite. *Sejam todas e todos muito bem-vindos!*



XOVES 21 de marzo

12.00 h

● EXPOSICIÓN

## Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Un camiño para acabar coa pobreza alá e acolá

Dezasete propostas plásticas de ilustradores e ilustradoras de Galiza, Mozambique, Cabo Verde de Guinea-Bissau, que pretenden fomentar a reflexión sobre a loita contra a fame, o acceso á saúde e á educación, a equidade de xénero e a protección do planeta. Realizada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Biblioteca pública Antonio Odriozola.

VENRES 22 de marzo

12.00 h

● INAUGURACIÓN

## MOTIM. Movimento de ilustração portuguesa

Un movemente de voces e imaxes onde a ilustración portuguesa se revela cos seus propios trazos, cores e formas a partir da obra de 35 creadoras e creadores plásticos do noso país veciño. Mostra creada por Carpe Librum e O Bichinho de Conto, con apoio da Dirección-Geral do Livro, dos Arquivos e das Bibliotecas (DGLAB) de Portugal. Asiste a comisaria Mafalda Milhões.

A continuación da inauguración realizarase unha visita guiada pola mostra.

2º andar Claustro Edificio Sarmiento  
Museo de Pontevedra.

18.00 h

● ROTEIRO

## Unha cidade de conto

Turiña

Roteiro familiar para coñecer e visitar as librarías da nosa cidade, enfiado con contos, xogos e probas de enxeño.

Público familiar. Prazas limitadas con inscrición previa no enderezo electrónico: turinapontevedra@gmail.com

19.00 h

● ROTEIRO

## MOTIM. Movimento de ilustração portuguesa

Roteiro guiado pola ilustradora e comisaria Mafalda Milhões para o estudiantado de ilustración de Pontevedra. Actividade con capacidade limitada e reserva previa no enderezo electrónico: ponteilustra@gmail.com

2º andar claustro Edificio Sarmiento  
Museo de Pontevedra.

SÁBADO 23 de marzo

12.00 h

● ESPECTÁCULO

## Inauguración oficial do XX Saló Internacional do Libro de Pontevedra co concerto *Paseniño, paseniño: 20 anos de revolución*

Un libro é un mar eterno de revolución e ilusión. Así foi tamén a chegada do Saló a Pontevedra hai dúas décadas. Neste espectáculo inaugural conxúganse a performance, a música e os contos para celebrar estes vinte anos de revolución lectora e render homenaxe á lusofonía e á poesía de Antonio García Teijeiro. Participan o Quinteto de Metais do Conservatorio de Pontevedra, o coro do IES da Xunqueira I, Nee Barros, Pavís Pavós e Raquel Queizás baixo a dirección de Marcelo DoBode.

Auditorio do Pazo da Cultura.  
Entrada libre ata completar capacidade.

13.30 h

● CONTACONTOS

## Contos revolucionarios

Raquel Queizás e a nosa convidada de Brasil Benita Prieto percorrerán o Saló e encherano de contos revolucionarios dunha beira e doutra do Atlántico.

17.00 h

● OBRAIDRO GASTRONÓMICO

## Cociña lusófona: Petiscos do Brasil

Amelia Andrade

Que mellor maneira de coñecer un país que a través dos seus contos e a súa gastronomía? Por iso inauguramos este espazo gastroliterario no Saló, para achegarnos a Brasil e levar desta viaxe un bo sabor de boca.

Espazo Gastroliterario. Recinto Feiral.  
Para crianzas de 4-8 anos. Aforo limitado.

17.30 h

● OBRAIDRO REVOLUCIONARIO

## Rebélate!

Nova Xestión Cultural

Unha das características dalgunhas revolucións é a loita contra as desigualdades e as inxustizas. Neste obradoiro reflexionaremos sobre este aspecto a través dun contacontos participativo baseado nas Revoltas Irmandiñas. Que gañe a xustiza e o ben común!

Espazo Reviravolta. A partir de 5 anos. Aforo limitado.

17.30 h

● **OBRAIRO DE ILUSTRACIÓN**

### Entendes ou debúxocho?

André Neves.

Neste obradoiro teremos a oportunidade de conversar co noso ilustrador convidado de Brasil, André Neves. Poderemos falar, escoitar e debuxar a partir de diversos libros visuais, porque unha historia tamén se pode contar e ler con imaxes.

Sala de Obradoiros. A partir de 7 anos. Aforo limitado.

18.00 h

● **MASTERCLASS**

### Masterclass de ilustración

Roger Mello (Brasil) ilustrador galardonado co Premio Andersen

Capacidade reducida e inscricións previas no enderezo electrónico: [ponteilustra@gmail.com](mailto:ponteilustra@gmail.com). Público adulto.

18.15 h

● **CONTACONTOS**

### Contos que cruzan océanos:

Paula Carballeira e Benita Prieto

Os contos son barcos que cruzan océanos e serven para coñecernos e encontrarnos. Así, Paula Carballeira, de Galiza, e Benita Prieto, de Brasil, farán un particular duelo contístico a dúas voces que dará moito que falar (e que escoitar!).

Recinto Feiral. Anfiteatro. Público familiar.

19.00 h

● **ESPECTÁCULO MUSICAL**

**ESTREA!**

### A nena e o grilo máis aló \*\*

Magín Blanco e Teatro Ghazafellos

A nena e o grilo corren novas aventuras; un día esmagan, sen querer, á súa amiga Xertrude, a araña. Buscando un xeito de devolverlle a vida atópanse cuns artistas ambulantes que os guiarán a través da maxia e da música ao país dos mortos, onde tentarán atopar a Xertrude para traela de volta. Unha historia que nos transporta ás procuras máis insólitas.

Auditorio Pazo da Cultura. Público familiar.  
3 euros asistente.

19.00 h

● **PRESENTACIÓN**

### A viñeta de Schrödinger. Segundo volume da revista de BD Galega

Editado pola Mesa pola Normalización Lingüística

Intervieñen Kiko Dasilva, director, e diversos colaboradores desta nova achega.

Espazo BD. Recinto Feiral.

21.00 h

● **NOITES ABERTAS**

### Cociña lusófona

Aprenderemos a preparar unha deliciosa feijoada brasileira ao tempo que escoitaremos contos e lendas do Brasil, un dos países convidados á XX edición do Salón. Contos e pratos a pedir de boca!

CEIP Froebel. Mocidade de 12 a 30 anos. Prazas limitadas. No caso de que a demanda supere o número de prazas, farase un sorteo no mesmo lugar.

**DOMINGO 24 de marzo**

11.30 - 12.30 -13.00 h

● **OBRAIRO**

### A revolución dos libros e dos sentidos

Anxo Fariña

Habitualmente os libros gozámolos só coa vista mais, que pasaría se os puidésemos tamén gozar con sentidos como o oído ou o olfacto? Neste obradoiro experimentaremos cunha peza artística que poderemos ver, tocar, ouvir e tamén ulir. Iso si que vai ser ilustrar con todos -ou case todos- os sentidos.

Espazo Reviravolta. Para crianzas de 3 a 6 anos acompañados/as dunha persoa adulta. Aforo limitado.

11.30 h

● **OBRAIRO DE STOP MOTION**

### Acción! Revolución!

Kraken

O cinema foi sen dúbida unha revolución á hora de contar historias con imaxes. Neste obradoiro traballaremos a técnica tradicional do stop-motion para crearmos personaxes do máis animado.

Espazo Saudade. A partir de 6 anos.  
Capacidade limitada.

12.00, 17.00 e 18.30 h

● **TEATRO**

### Comenoites \*\*

Os náufragos

Comenoites é un trasgo barrigudo ao que lle encanta comer a noite para que o sol poida raiar día tras día, traendo luz e calor. Un día a Lúa dille que está moi gordo e Comenoites deixa de comer...

Este espectáculo baséase no conto infantil escrito e ilustrado por Ana Juan (Premio Nacional de Ilustración). Unha fermosa historia coa que as crianzas descubrirán os misterios da existencia do día e da noite.

Sala de Obradoiros. Espectáculo para bebés de 1 a 3 anos. Capacidade limitada (40 bebés+1 acompañante). Prezo 3 euros por asistente.

12.30 h

● **MÚSICA**

### Canta música!

Pablo Díaz

Concerto obradoiro de xogos-bailes tradicionais combinados coas cancións máis modernas do autor Pablo Díaz. Con distintos instrumentos e músicas de diversas épocas montaremos unha pequena orquestra. Aprenderemos algúns xogos das avoas, bailarémolos e remataremos aprendendo danzas, coros e xesticulacions dalgúns dos temas máis populares de TIC TAC, TOC TOC, TIC TAC TOC e XENTE MIÚDA MOITA FARTURA.

Recinto Feiral. Anfiteatro. Público familiar.

13.00 h

● **CONTACONTOS**

### Contos con Cachaça

Sesión de contacontos para público adulto e familiar a cargo na nosa convidada brasileira Benita Prieto. E para quedar con mellor sabor de boca, serviranse cócteles e petiscos do seu país. Bacanal!

Bar Pavero. Campiño de Santa María.

17.00 h

● **OBRAIRO GASTRONÓMICO**

### Cociña lusófona: petiscos de Portugal

Amélia Andrade

Que mellor maneira de coñecer un país que a través dos seus contos e a súa gastronomía? Por iso inauguramos este espazo gastroliterario no Salón, para achegarnos a Portugal e levar desta viaxe un bo recordo no padal.

Espazo Gastroliterario. Recinto Feiral.  
Para crianzas de 4-7 anos. Aforo limitado.

17.30 h

● **OBRAIRO**

### Carvoeirinhos

Roger Mello

Os *carvoeirinhos* son os rapaces que traballan nas minas de carbón de Brasil. O Premio Hans Christian Andersen Roger Mello conta a historia dun deles, con sensibilidade e delicadeza. Neste obradoiro achegarémonos a esta dura realidade a través da palabra e dunha proposta plástica colectiva.

Espazo Reviravolta.  
A partir de 7 anos. Aforo limitado.

**17.30 h****● OBRADOIRO****A Revolución dos Robots!**

Revira Volta

A partir da narración do conto *Wendell e os Robots* reflexionaremos sobre a relación dos humanos coas máquinas e iniciaremos unha actividade fantástica e futurista na que confeccionaremos os nosos propios robots a partir de material de refugallo.

Espazo Saudade.  
Para crianzas de 5-7 anos. Prazas limitadas.

**18.00 h****● CONTACONTOS****A revolución das palabras**

Bea Campos

Unha divertida sesión de contos con música en directo a cargo de Bea Campos, na que os nenos e as nenas escoitarán revolucionarias historias que axudarán a abrir mentes e derrubar muros coa forza das palabras.

Recinto Feiral. Anfiteatro. Público familiar.

**19.00 h****● TEATRO****ESTREA!****Mai Mai**

Baobab Teatro

Unha xornalista e un fotógrafo farán unha viaxe fantástica e chea de sorpresas e emocións na procura do último oso panda do planeta.

Auditorio Pazo da Cultura. Público familiar.  
3 euros asistente.

**19.00 h****● CINEMA NO PRINCIPAL****O menino e o mundo**

Alê Abreu, Brasil, 2013

Cuca é un neno que vive coa súa familia nunha idílica zona rural do Brasil. Cando o seu pai ten que marchar traballar á cidade, el decide emprender unha viaxe para atopalo. Unha aventura apaixonante que o vai levar a descubrir outro mundo, controlado pola tecnoloxía e as máquinas. Unha viaxe lírica e onírica que ilustra os dilemas do mundo actual baixo a mirada inocente dun cativo. Unha excepcional xoia da animación actual, seleccionada para os Óscar no 2016 e gañadora de máis de 40 premios internacionais.

Proxección a cargo do Cineclub de Pontevedra

Teatro Principal de Pontevedra. Duración: 80 min.  
Público familiar, recomendado a partir de 8 anos.  
Entrada libre ata completar a capacidade.

**10.30 h****● MASTERCLASS****Masterclass de ilustración**

A cargo do ilustrador André Neves, Brasil

Sesión para o alumnado do Mestrado de Ilustración e Animación Audiovisual da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

**11.30 h****● TEATRO****ESTREA!****Mai Mai**

Baobab Teatro

Unha xornalista e un fotógrafo farán unha viaxe fantástica e chea de sorpresas e emocións na procura do último oso panda do planeta.

Auditorio Pazo da Cultura. Actividade escolar concertada.

**16.00 h****● MASTERCLASS****Masterclass de ilustración**

Roger Mello (Brasil), ilustrador gañador do Premio Andersen

Sesión para o alumnado do Mestrado de Ilustración e Animación Audiovisual da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

**17.00 h****● ENCONTRO LECTOR****Lemos e somos VIP!**

Encuentro lector coa escritora Eli Ríos para alumnado de secundaria e bacharelato a partir da obra *DX*, de Urco Editora.

Sala VIP.

**17.30 h****● VISITA GUIADA****O segredo da revolución!**

Risotadas

Faremos un percorrido lúdico e detectivesco buscando as pistas dos tesouros e segredos que se agochan na revolucionaria ambientación que este ano ten o noso Salón.

A partir de 5 anos.

---

**17.30 h**

● **OBRADOIRO**

### Entendes ou debúxocho?

André Neves

Neste obradoiro teremos a oportunidade de conversar co noso ilustrador convidado do Brasil, André Neves. Poderemos falar, escoitar e debuxar a partir de diversos libros visuais, porque unha historia tamén se pode contar e ler con imaxes.

Espazo Saudade. A partir de 6 anos.

---

**18.15 h**

● **CONTACONTOS**

### Contos do Brasil

Benita Prieto

O Brasil é un país, un continente, un mundo enteiro onde cabe todo, a realidade e a fantasía. De norte a sur, Benita Prieto tráenos coa súa voz e as súas mans un anaco delicioso da tradición oral brasileira e africana. Saravá!

Espazo Reviravolta. Público familiar.

**MARTES 26 de marzo**

---

**16.30 h**

● **ENCANTO LECTOR**

### Lemos e somos VIP!

Encanto lector con María Reimóndez para alumnado de secundaria a partir da obra *Fóra do normal*, de Edicións Xerais.

Recuncho Lector.

---

**17.30 h**

● **VISITA GUIADA CON CONTOS**

### Viva a revolución!

Risotadas

Que mellor que o noso monitorado para guiarnos polos distintos recantos da sala e do recinto feiral e descubrir as historias ilustradas, poéticas, revolucionarias e lusófonas que se agochan no Salón?

Público familiar.

---

**17.30 h**

● **CONTACONTOS ILUSTRADO**

### As gravatas do meu pai

Pedro Seromenho

Contacontos ilustrado a cargo do noso convidado portugués Pedro Seromenho, que nos achegará con palabras e imaxes a historia dun rapaz que tiña presa en medrar e, para buscar o modo de crecer axiña decide ir probando, unha a unha, todas as gravatas do seu pai. Sabedes o que aconteceu entón?

Espazo Reviravolta. A partir de 5 anos.

---

**18.00 h**

● **OBRADOIRO**

### Contar con imaxes

André Neves

As ilustracións non só acompañan as imaxes, contan historias por si mesmas. Así o veremos co noso amigo e convidado do Brasil André Neves.

Librería Luna Nueva. Rúa Doutor Loureiro Crespo 63. A partir de 6 anos.

---

**18.30 h**

● **TEATRO**

**ESTREA!**

### Mai Mai

Baobab Teatro

Unha xornalista e un fotógrafo farán unha viaxe fantástica e chea de sorpresas e emocións na procura do último oso panda do planeta.

Auditorio Pazo da Cultura. Público familiar. 3 euros asistente.

---

**21.00 h**

● **FALADOIRO LUSÓFONO.**

### O Brasil, cara a onde? Dereitos LGBTQ+

Roger Mello e Volnei Canonica

Actividade integrada en *Pinto e Maragota. Programa Municipal pola Diversidade Sexual*.

Taberna do Jazz. Rúa San Sebastián 19.

**MÉRCORES 27 de marzo**

---

**11.30 h**

● **TEATRO**

### Cinema de historias. Alice Guy, a nai do cinema

Raquel Queizás

Este espectáculo, que mestura a narración co teatro e o cinema, pretende divertir e espertar nas crianzas o amor polo cine a través da figura de Alice Guy, a nai do cinema. Alice, desde ben pequena, escoitou contos da súa avoa que acordaron nela o amor polos libros. Co paso do tempo chegou a ser unha gran contadora de historias que logo levaría á gran pantalla.

Teremos ocasión de viaxar no tempo para coñecer a súa vida e ver fragmentos das súas primeiras películas. Unha muller fascinante e inxustamente esquecida.

Teatro Principal. Sesións escolares concertadas.







---

**12.30 h**

● ENCONTRO LECTOR

### Lemos e somos VIP!

Encontro lector coa nosa convidada de Brasil Marina Colasanti para o alumnado de secundaria do IES Luis Seoane.

Sala VIP.

---

**16.00 h**

### II Congreso Internacional de Mediación Lectora

Encontro internacional no que trataremos e debateremos, da man de expertos e expertas de recoñecemento mundial, sobre o pasado, presente e futuro da mediación lectora.

Toda a información en: [salondolibro.gal](http://salondolibro.gal)

Salón de Actos.

---

**16.30 h**

● ENCONTRO LECTOR

### Lemos e somos VIP!

Encontro lector con Leticia Costas para alumnado de secundaria a partir da súa obra *A balada dos unicornios*, de Edicións Xerais.

Sala VIP.

---

**17.30 h**

● MÚSICA

### Eu conto ti cantas

Elisabeth Oliveira e Gustavo Almeida

De Portugal e Brasil, os nosos veciños Elisabeth e Gustavo achégannos unha divertida proposta que terá como protagonista a canción *O Leãozinho*, de Caetano Veloso. Ademais de aprender palabras da lingua portuguesa teremos espazo para contos, cantos e baile. Ti tamén queres ser un *Leão*? Pois trae a túa melena e a bailar!

Espazo Saudade. A partir de 5 anos.

---

**18.15 h**

● CONTACTOS

### Contos e cantos do Alentejo

Bru Junça

A nosa convidada Bru achéganos un petisco do Alentejo, a través dos contos, dos cantos e duns tapetes con moitas historias para partillar con todos e todas nós.

Espazo Reviravolta.

---

**19.00 h**

● FALADOIRO LITERARIO

Coa escritora Leticia Costas

Escola Oficial de Idiomas.

Entrada libre ata completar aforo.

---

---

**19.00 h**

● ENCONTRO LECTOR

### Lemos e somos VIP!

Encontro do Club de Lectura de Portugués da Librería Paz co noso convidado portugués Afonso Cruz.

Sala VIP.

---

**20.00 h**

● PRESENTACIÓN:

### Revolución e vida: Ilse Losa e O mundo en que vivín

Hércules de Ediciones

Interveñen Ana Cristina Vasconcelos de Macedo, especialista en Ilse Losa, Anxo Tarrío, tradutor da obra e Laura Rodríguez, editora.

Salón de Actos.

---

**XOVES 28 de marzo**

---

**12.50 h**

● ENCONTRO LECTOR

### Lemos e somos VIP!

Encontro lector coa nosa autora brasileira convidada Marina Colasanti a partir da súa obra *No labirinto do vento*, de Edicións Xerais.

Clubs de lectura do IES Sánchez Cantón.

---

**15.30 h**

● MASTERCLASS

### Masterclass de ilustración

A cargo do noso convidado Afonso Cruz, Premio Nacional de Ilustración de Portugal.

Sesión para o alumnado do Mestrado de Ilustración e Animación Audiovisual da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

---

**16.00 h**

### II Congreso Internacional de Mediación Lectora

Encontro internacional no que trataremos e debateremos, da man de expertos e expertas de recoñecemento mundial, sobre o pasado, presente e futuro da mediación lectora.

Toda a información en: [salondolibro.gal](http://salondolibro.gal)

Salón de Actos.

---

---

**17.30 h**

● VISITA GUIADA

### Viva a revolución!

Risotadas

Que mellor que o noso monitorado para guiarnos polos distintos recantos da sala e do recinto feiral e descubrir as historias ilustradas, poéticas, revolucionarias e lusófonas que se agochan no Salón?

Público familiar.

---

**17.30 h**

● PRESENTACIÓN

### 0 paraugas vermello

Editorial Maspimentia

Susana Aliano Casales (Uruguai) e Ana Seixas (Portugal) convidánnos a coñecer o seu último libro e a facer unha viaxe fantástica de palabras e imaxes polas cidades da memoria.

Espazo Saudade. A partir de 5 anos.

---

**18.15 h**

● CONTACTOS

### Viaxes de ida e volta

Margarida Botelho

A nosa convidada Margarida Botelho viaxou polo mundo e debuxou coas crianzas que atopou uns cadernos ilustrados moi especiais. En Mozambique coñeceu a Eva, en Timor a Lia e en Brasil a Yara. Queres acompañala nesta viaxe pola lusofonía?

Espazo Reviravolta. A partir de 5 anos.

---

**18.30 h**

● ENCONTRO LECTOR

### Lemos e somos VIP!

Encuentro lector do Club de Lectura da Librería Paz coa nosa autora brasileira convidada Marina Colasanti.

Librería Paz. Peregrina 29.

---

**19.00 h**

● ENCONTRO LECTOR

### Lemos e somos VIP!

Encuentro lector aberto ao público co narrador e ilustrador Afonso Cruz, Premio Nacional de Ilustración e Premio Unión Europea de Literatura.

Librería Cronopios. Frei Xoán de Navarrete 5.

---

**20.30 h**

● RECITAL

### Teñamos a poesía en Paz

Recital poético a catro voces cos nosos convidados Marina Colasanti (Brasil), Ana Pessoa (Portugal), Henrique Rodrigues (Brasil) e Zetho Gonçalves (Angola).

Librería Paz. Peregrina 29.

---

**21.00 h**

● TEATRO

### Helena \*\*

Teatro do Atlántico

Estamos no século XXI. Helena xa non é “a bela Helena”, senón unha muller con signos que nos falan do implacable paso do tempo; malia iso mantense posuidora dunha enerxía desbordante, habitando nunha especie de tobogán emocional transitado polos episodios da súa vida, na que se mesturan a dor da nena violada por Teseo coa dor da esposa obrigada por Menelao, a paixón da amante namorada de Paris...

Teatro Principal. Entrada 3 euros.

---

**VENRES 29 de marzo**

---

**10.00 h**

● ENCONTRO LECTOR

### Lemos e somos VIP!

Encuentro lector cos nosos autores convidados Henrique Rodrigues (Brasil) e Zetho Cunha Gonçalves (Angola).

Sala VIP.

---

**10.40 h**

● ENCONTRO LECTOR

### Lemos e somos VIP!

Encuentro lector coa nosa autora portuguesa convidada Ana Pessoa con estudiantado de ensino secundario.

Clubs de lectura do IES Sánchez Cantón.

---

**12.00 h**

● ENCONTRO LECTOR

### Lemos e somos VIP!

Encuentro lector co noso autor angolano convidado Zetho Gonçalves.

Clubs de lectura do IES Sánchez Cantón.

---

**16.00 h**

### II Congreso Internacional de Mediación Lectora

Encuentro internacional no que trataremos e debateremos, da man de expertos e expertas de recoñecemento mundial, sobre o pasado, presente e futuro da mediación lectora.

Toda a información en: [salondolibro.gal](http://salondolibro.gal)  
Salón de Actos.

---

**17.30 h**

### Lectura dramatizada

A cargo do alumnado do Grao de Educación Infantil e Primaria da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense

Espazo Teatriño.

---

**17.30 h**

● OBRADOIRO

### Clube mediterráneo

Ana Biscaia

“Cruzan desertos, mares, florestas, de um lado a outro a vida, não poucas vezes a vida...”. Estas verbas serán o punto de partida para realizar unha proposta plástica guiada pola nosa convidada Ana Biscaia, Premio Nacional de Ilustración de Portugal.

Espazo Saudade. A partir de 8 anos. Aforo limitado.

---

**18.00 h**

● ROTEIRO

### Unha cidade de conto

Camiñada familiar polas librerías da nosa cidade con contos, xogos e probas de enxeño.

Actividade con prazas limitadas e inscrición previa no enderezo electrónico: [turinapontevedra@gmail.com](mailto:turinapontevedra@gmail.com)

---

**18.30 h**

● CONTACTOS

### Contos que cruzan océanos

Pavís Pavós e Benita Prieto

De Pontevedra atravesando o Atlántico ata o Río de Janeiro en Brasil. Os contos son pontes que cruzan ríos, barcos que atravesan mares e fronteiras para acariñarnos o corpo e a alma. Nesta sesión gozaremos de contos de aquí e de acolá con distintos sotaques que serán unha delicia para os nosos oídos.

Espazo Reviravolta. Público familiar. Prazas limitadas.

---

**19.00 h**

● OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN

### Contar con imaxes

André Neves

As ilustracións non só acompañan as imaxes, contan historias por si mesmas. Así o veremos co noso amigo e convidado do Brasil André Neves.

Librería Seijas. Avda. de Vigo 13.

---

---

**20.00 h**

● **PRESENTACIÓN**

### **Habitando historias**

Unha obra que reúne diversas experiencias e reflexións sobre o libro, a lectura e sobre a mediación lectora. Asistirán ao Francisco Castro, editor, Montse Pena Presas, crítica, e Montse Muriano, coordinadora da publicación.

Unha iniciativa da editorial Galaxia.

Salón de Actos.

---

**21.00 h**

● **NOITES ABERTAS**

### **Rastrexo literario**

Actividade de rastrexo a desenvolver polas rúas da cidade de Pontevedra que teñen nome de autores e autoras da nosa literatura onde deberemos superar unha serie de probas e atopar unha serie de lugares que nos axudarán a chegar ata o final do noso rastrexo.

Para mocidade de 12 a 30 anos. Colexio Froebel.

Inscrición na web [noitesabertas.gal](http://noitesabertas.gal). Se quedan prazas libres, as persoas interesadas poderán anotarse *in situ*.

---

**22.00 h**

● **MÚSICA**

### **João Afonso**

Unha das principais figuras da música portuguesa que visita de novo a nosa cidade para celebrar este encontro literario arredor da lusofonía e a revolución.

Teatro Principal. Prezo 3 euros.

---

**00:00 h**

● **POESÍA E COCKTAILS**

### **A noite d@s poetas**

Encontro poético e recital nocturno da nosa revolucionaria delegación convidada de Portugal, Brasil e Angola.

Sopa de Gallo. Rúa dona Tareixa 2.



## TODO O DÍA

### ● OBRADOIRO

#### Libro Xigante

Víctor Rivas

Participantes e ilustradores e ilustradoras elaborarán en conxunto un libro xigante cheo de historias, debuxos e palabras que van xurdindo ao longo do día. A obra final colectiva exporase o resto do Salón, xunto cos libros xigantes das edicións precedentes.

## 10.00 h

### II Congreso Internacional de Mediación Lectora

Encontro internacional no que trataremos e debateremos, da man de expertos e expertas de recoñecemento mundial, sobre o pasado, presente e futuro da mediación lectora.

Toda a información en: [salondolibro.gal/mediación](http://salondolibro.gal/mediación)  
Salón de Actos.

## 11.00 a 14.30 h

### ● CONTACTOS

#### A revolución ecolóxica

Anxo Moure

Espectáculo itinerante de música, cine e contos cos que Anxo e Brais nos guiarán por unha andaina máxica por bosques e fragas. Conducirannos coa súa maleta e a súa biblioteca móbil cara ao máis profundo da natureza e a ecoloxía, sementando corazóns de papel reciclado e loitando coa súa Bicicleta contra o cambio climático.

## 12.00 h

### ● OBRADOIRO GASTRONÓMICO

#### Ganapán Gourmet Lusófono

No Mercado tamén quixemos coñecer as receitas do noso país veciño e imos preparar uns saborosísimos petiscos portugueses, doces e salgados. Animádevos a viaxar a través dos sentidos?

O ganapán do Mercado. Rúa Serra.  
Inscripcións no enderezo electrónico:  
[ogapanan@omercado.gal](mailto:ogapanan@omercado.gal)

## 12.30 h

### ● CONTACTOS

#### Un bosque na maleta

Brais e Anxo Moure

Cunha vasoira meiga feita con madeira de érbedo, Brais Moure levaranos a unha viaxe na que gozaremos dun “baño de bosque”, cunha maleta máxica que agocha un bosque enteiro dentro dela: variñas máxicas de sobreira, teixo, carballo e salgueiro, carrabouxos, anacos de cortiza... e, por suposto, moitas historias que compartir!

Recinto Feiral. Anfiteatro. Público familiar.

## 16.30 h

### ● ENCONTRO LECTOR

#### Club de lectura d'A Segra

Encontro lector con Ana Pessoa a partir da súa obra *Mary John*, editado pola editora portuguesa Planeta Tangerina.

Salón de Actos.

## 16.30 h

### ● ENCONTRO LECTOR

#### Lemos e somos VIP!

Encontro-café lector con João Pedro Messeder, autor, e Raquel Senra, ilustradora, a partir da edición galega da súa obra *A travesa das musas*, de Hérculesde Ediciones.

Sala VIP.

## 17.00 h

### ● OBRADOIRO GASTRONÓMICO

#### Cociña lusófona: Petiscos de Cabo Verde

Amelia Andrade

Que mellor maneira de coñecer un país que a través dos seus contos e a súa gastronomía? Por iso no espazo gastroliterario no Salón decidimos achegarnos a Cabo Verde e buscar a maneira de levarnos desta viaxe un inmemorable sabor de boca.

Espazo Gastroliterario. Recinto Feiral.  
Para crianzas de 4 a 8 anos. Prazas limitadas.

## 17.30 h

### ● OBRADOIRO

#### Obradoiro de Escrita divertida

Hematocrítico

Para quen o dubide, escribir pode ser moi moi divertido. E ímolo comprobar co noso convidado Hematocrítico e os seus cadernos de escrita divertida. Imaxinas que tes que comer no restaurante máis noxento do mundo? Que tes que entrevistar a un piollo? Que acabas de ver o peor filme da túa vida ou que tes a obriga de sacar un cero nun exame?

Pois vai sacando o lapis...

Sala de Obradoiros. A partir de 7 anos. Prazas limitadas.

## 17.30 h

### ● OBRADOIRO

#### Piratas no recreo

Luz Beloso e Miguel Ángel Alonso Diz

*Piratas no recreo* é unha obra editada por Belagua que aborda con naturalidade a realidade trans. A forza dos versos e das imaxes busca elevar unha mensaxe de respecto xa que todas as persoas somos diferentes, únicas. Neste obradoiro teremos unha actividade de achega ao libro que combina ilustración, poesía e experimentación gráfica sobre o respecto á diversidade.

Espazo Reviravolta. A partir de 6 anos. Prazas limitadas.

## 18.00 h

### ● ENCONTRO LECTOR

#### Lemos e somos VIP!

Encontro coa cantante Sés arredor do mundo da lectura e do propio concepto da revolución. Diálogo guiado pola poeta Susana Arins.

Salón de Actos. Entrada libre ata completar aforo.

## 18.00 h

### ● TEATRO

#### Familias diversas

Isabel Risco. Trinke Trinke

A Ratiña Carolina non sabe o que quere ser de maior. Hoxe vainos presentar un feixe das súas profesións favoritas a través dun xogo! Entre rimas e disfraces teremos que ir adiviñando de que profesións se trata. Cal escollerá finalmente? Carolina non marchará sen falarnos da súa familia e das profesións das súas dúas mamás: unha, directora da banda e a outra, desactivadora de trampas para ratos.

Recinto Feiral. Anfiteatro. Público familiar.

## 18.00 h

### ● MASTERCLASS

#### Masterclass de Ilustración

Encontro coa nosa convidada Ana Biscaia, Premio Nacional de Ilustración de Portugal.

Aforo reducido e inscricións previas no enderezo electrónico: [ponteilustra@gmail.com](mailto:ponteilustra@gmail.com)

## 19.00 h

### ● MÚSICA

#### ESTREA!

#### O comboio da lusofonía

María Fumaça

Hoxe María Fumaça é un comboio da lusofonía e da ilusofonía. Á equipa habitual únese un convidado de luxo de Portugal, João Afonso que cantará cancións propias e do seu tío Zeca Afonso. Un encontro musical no que os temas de sempre acompañanse de novas achegas galego-luso-brasileiras nunha fusión única e irrepitible de ritmos, estilos e melodías creada expresamente para celebrar os vinte anos do Salón.

Auditorio do Pazo. Público familiar. 3 euros asistente.

## 21.00 h

### ● NOITES ABERTAS

#### Cociña lusófona

Aprenderemos a preparar unhas saborosísimas pataniscas portuguesas ao tempo que escoitaremos contos e lendas dun dos países convidados á XX edición do Salón. Contos e pratos a pedir de boca!

CEIP Froebel de 12 a 30 anos. Prazas limitadas. No caso de que a demanda supere o número de prazas, farase un sorteo no mesmo lugar.

**DOMINGO 31 de marzo**

**11.30 h**

● VISITA GUIADA

### MOTIM ilustrado

Itziar Ezquieta

Unha viaxe pola ilustración portuguesa das últimas décadas da man da docente e ilustradora Itziar Ezquieta. Visita guiada para familias.

Capacidade limitada con inscrición previa no enderezo electrónico: [ponteilustra@gmail.com](mailto:ponteilustra@gmail.com)

2º andar claustro Edificio Sarmiento. Museo de Pontevedra.

**11.30 h**

● OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN

### Con M grande

Cátia Vidinhas

A nosa ilustradora portuguesa convidada Cátia Vidinhas achegaranos á súa obra *Portuguesas con M Grande*, un percorrido ilustrado por mulleres bravas e valentes do noso país veciño. Animaste a coñecelas e a debuxalas?

Espazo Saudade. A partir de 6 anos. Prazas limitadas.

**11.30 h**

● OBRADOIRO CIENTÍFICO

### A revolución do ADN

CSIC

Partindo dos súper heroes e heroínas da BD, neste obradoiro tratarase do papel crucial que xoga o ADN na nosa vida. Darase a coñecer a historia do seu descubrimento, a súa estrutura e as implicacións que ten na actualidade na investigación xenómica. A actividade inclúe unha práctica de extracción de ADN na que levaremos a cabo todo o proceso coas nosas propias mans, para finalmente observar a estrutura externa do ADN dunha froita.

Espazo Reviravolta. A partir de 10 anos. Prazas limitadas.

**12.00 h**

● VISITA GUIADA

### Cegoñas no Fondo da Ría

Manuel Lourenzo

Visita á zona antiga de Pontevedra guiada polo escritor Manuel Lourenzo baseada no seu libro do mesmo título. A explicación das historias e aspectos artísticos das rúas estará enfiada co relato de diversos sucesos literarios da nosa cidade como a pesca de sereas pola ría, ou cando o cadro da Gioconda chegou ao Museo de Pontevedra ou a actuación de Elvis Presley nas Festas da Peregrina de 1957.

Actividade con aforo limitado e reserva previa no enderezo electrónico: [salondolibro@pontevedra.gal](mailto:salondolibro@pontevedra.gal)

**12.00, 17.00 e 18.30 h**

● ESPECTÁCULO MUSICAL

### Crassh Babies

We Tum Tum

Nesta versión 2.0, CRASSH BABIES explora o ambiente e rutinas dos bebés e os papás e as mamás no cuarto de baño, empregando unha combinación única de percusión, movemento e comedia visual. Diversas sonoridades cunha enerxía ben contaxiosa. Todo serve para estimular os sentidos dos máis cativos e cativas e proporcionar momentos únicos en familia.

Sala de Obradoiros. Espectáculo para crianzas de 0 a 3 anos. Capacidade limitada (40 bebés + 1 acompañante). Prezo 3 euros por asistente.

**12.30 h**

● MÚSICA

**ESTREA!**

### C@nto contigo

Paco Nogueiras

O noso amigo Paco Nogueiras creou un espectáculo musical só para nós, para celebrar os vinte anos do Salón. Unha selección dos temas máis exitosos xunto con novas propostas que sen dúbida nos farán mover o esqueleto a toda máquina e cantar a pleno pulmón. Ídelo perder?

Recinto Feiral. Anfiteatro. Público familiar.

**17.00 h**

● OBRADOIRO GASTRONÓMICO

### Cociña lusófona: petiscos de Mozambique

Amélia Andrade

Que mellor maneira de coñecer un país que a través dos seus contos e a súa gastronomía? Desta vez viaxamos a Mozambique para coñecer a súa cultura gastronómica e, por suposto, levaremos desta viaxe un bo sabor de boca.

Espazo GASTROLITERARIO. Recinto Feiral. Para crianzas de 4 a 8 anos. Prazas limitadas.

**17.30 h**

● OBRADOIRO

### Cidade revolución!

Morgana Creatividade

Partindo de imaxes que mostren escenas cotiás, crearemos un espazo de reflexión. Nenas e nenos compartirán a súa opinión sobre o mundo e como lles gustaría que fose, e buscaremos solucións para mellorar o que nos rodea para finalmente, a través do xogo, da palabra e da expresión artística darlle forma á nosa Cidade Revolución cun mural colectivo.

Espazo Saudade. A partir de 6 anos. Prazas limitadas.



17.30 h

● ENCONTRO LECTOR

### Quokka moka

María Solar e Víctor Rivas

Os quokkas son os únicos animais do mundo que sempre sorrín. Unha especie australiana de marsupiais que está en perigo de extinción. Imaxinas un animal que sempre sorrí, pero que é realmente insoportable? Pois así é a protagonista de Quokka moka, a última obra de María Solar, con ilustracións de Víctor Rivas, editada por Xerais.

Recuncho Lector. Público familiar.

18.30 h

● CONTACONTOS ILUSTRADO

### A carteira centola e a revolución debaixo do mar

Polo Correo do Vento

Había un reino debaixo do mar onde estaba prohibido cantar, bailar e tocar instrumentos... ata que aparece de súpeto a carteira centola e fai unha verdadeira revolución. Unha divertida sesión onde a palabra, a imaxe e a música se unen para darlle a volta ao mundo e acabar coas inxustizas.

Recinto Feiral. Anfiteatro. Público familiar.

19.00 h

● TEATRO

### Momo \*

Compañía Anna Roca

Momo é unha nena que posúe a marabillosa cualidade de saber escoitar os demais e que desexa axudar á xente a humanizar as súas vidas. E máis aínda cando os homes grises deciden apoderarse dun dos bens máis prezados que posúen as persoas: o seu tempo. Porque o tempo é vida. E a vida reside no corazón.

Auditorio do Pazo. Aforo limitado. Custo 3 euros.

19.00 h

● CINEMA NO PRINCIPAL

### ANIMALADAS DE CINE

Programa de curtametraxes de Pascal Adant, Frits Standaert, Pascale Hecquet e Fabrice Luang-Vijai

Animaladas de cine é unha adaptación delirante de fábulas populares levadas á gran pantalla con sentido do humor e enxeño. Pequenas historias universais que conservan o carácter educativo orixinal e engaden creatividade e diversión. O mellor das fábulas e do *cartoon* nunha mesma proposta.

Proxección a cargo do Cineclub de Pontevedra.

Teatro Principal de Pontevedra. Duración: 40 minutos  
Público familiar, recomendado a partir de 4 anos.  
Entrada libre ata completar a capacidade.

LUNS 1 de abril

## Día das Artes Galegas

10.00 – 12.00 h

● TEATRO

### Momo

Compañía Anna Roca

Momo é unha nena que posúe a marabillosa cualidade de saber escoitar os demais e que desexa axudar á xente a humanizar as súas vidas. E máis aínda cando os homes grises deciden apoderarse do ben máis prezado: o tempo.

Auditorio do Pazo. Sesións escolares.

16.30 h

● ENCONTRO LECTOR

### Lemos e somos VIP!

Encuentro literario con Antonio Manuel Fraga a partir da obra *O bestiaro científico* de Anxos Nogueirosa, editada por Urco e galardoadada co Premio María Victoria Moreno.

Para alumnado de secundaria de Pontevedra.  
Sala VIP.

17.30 h

● ESCOLA DE LECTURA PARA FAMILIAS

### Ler para dar de ler

Pilar Sampedro. Especialista en LIX

Actividade formativa para pais e nais de prazas limitadas baixo inscrición no enderezo electrónico:  
salondolibro@pontevedra.gal

Servizo de gardería con solicitude previa.

17.30 h

● VISITA GUIADA

### Visita con arte

Risotadas

Para celebrar o día das Artes Galegas o noso monitorado fará unha visita guiada con moita arte polas exposicións da XX edición do Salón.

Público familiar. Prazas limitadas.

17.30 h

● OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN

### O silencio das palabras

Eva Vieira

As palabras teñen forza, nomean o noso ollar, o imaxinario do espazo e da vivencia. Así abrollan os berros de revolución, de loitas, de cambios, de acción. Pero non debemos esquecer -di a nosa ilustradora convidada de Portugal- a forza imparable das imaxes. Ilustremos a revolución!

Espazo Reviravolta. A partir de 6 anos.

18.30 h

● CONTACONTOS ILUSTRADO

### Día das Artes Galegas: Luís Seoane

Polo Correo do Vento

Contacontos ilustrado a cargo dos nosos amigos Kike Maurizio e Carlos Taboada, que farán un percorrido pola vida e obra do gran Luís Seoane, figura homenaxeada este ano no Día das Artes Galegas.

Espazo Teatriño. Público familiar.

MARTES 2 de abril

## Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil

11.30 h

● ESPECTÁCULO MUSICAL

### Po e Xía

Con Lucía Aldao, María Lado e o Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra.

Po e Xía son as mellores amigas e por iso sempre andan xuntas, tramando algunha aventura disparatada. As súas parvadas fan rir a toda a clase, menos á mestra e por iso pasan máis recreos castigadas que no patio. A elas non lles importaría se non fose que desta vez as deixou na biblioteca, rodeadas de aburridísimos libros...

Auditorio do Pazo de Cultura.  
Actividade escolar concertada.

17:30 h

● VISITA GUIADA

### Viva a revolución (poética)!

Risotadas

O noso monitorado convidavos a celebrar o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil dun modo moi especial, seguindo o fío dos poemas do noso autor homenaxeado: Antonio García Teijeiro.

Público familiar.

17.30 h

● OBRADOIRO

### Ilustrando Paseño

Marcos Viso

Obradoiro de ilustración a partir dos poemas de Antonio García Teijeiro. Ilustrar é unha maneira de contar historias, unha expresión poética que acompaña, complementa e interpreta a palabra escrita. Todos e todas podemos ilustrar se temos cousas que dicir, e así nolo vai amosar o ilustrador Marcos Viso, creador das imaxes do poemario *Paseño*, *paseño*, que están expostas no Salón.

**18.30 h**

## Homenaxe a Antonio García Teijeiro

Con Xavier Senín e David Otero, de Gáliz

Lectura do Manifesto IBBY do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.

E a continuación:

### Po e Xía

Con Lucía Aldao, María Lado e o Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra

Po e Xía é un conto creado polas poetas María Lado e Lucía Aldao para O Salón. Con el, as escritoras queren homenaxear a todas as autoras e autores que coas súas obras converten a infancia nun territorio especial e único.

Auditorio. Entrada de balde ata completar aforo.

**20.30 h**

● **ESPECTÁCULO POÉTICO- MUSICAL**

## Cría fama e bótate a correr

AldaoLado

Lucía Aldao e María Lado reflexionan sobre as virtudes e as baixezas da fama nun espectáculo onde se reinventan a si mesmas a través da unión da poesía, a música en directo e o humor. Pode haber combinación máis perfecta?

Museo de Pontevedra. Sexto Edificio.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

**MÉRCORES 3 de abril**

**12.00 h**

● **CINEFÓRUM**

## Mulleres da Raia

Diana Gonçalves, 2009

*Mulleres da Raia* é unha viaxe á fronteira galega co norte de Portugal que nos transporta ao noso pasado máis recente. O contrabando local e a emigración clandestina eran prácticas habituais nestas terras, aproveitando a proximidade do país veciño. A Raia garda unha historia de loita pola supervivencia en que as mulleres son testemuñas e protagonistas. Contaremos coa presenza da directora para posterior debate.

Sesións concertadas. Teatro Principal.

**17.30 h**

● **OBRADOIRO**

## A miña cidade

Susana Suniaga

Se puidésemos imaxinar unha cidade ideal, como sería? A arte serve para debuxar mundos reais e tamén para crear mundos soñados. Disto falaremos e reflexionaremos coa ilustradora Susana Suniaga, coa que deseñaremos a nosa cidade perfecta.

Espazo Saudade. A partir de 6 anos.

**17.30 h**

● **ESCOLA DE LECTURA PARA FAMILIAS**

## Ler para dar de ler

Cristina Vázquez. Bibliotecaria

Actividade formativa para pais e nais con reserva previa no enderezo electrónico: [salondolibro@pontevedra.gal](mailto:salondolibro@pontevedra.gal)

Servizo de gardería con solicitude previa.

**18.15 h**

● **CONTACONTOS**

## Deamos a volta ao conto

Raquel Queizás

A miña avoa dicía “deamos a volta ao conto” e todo se transformaba, era o noso xogo favorito. Comezaba a revolución!

Espazo Reviravolta. Público familiar.

**XOVES 4 de abril**

**17.30 h**

● **VISITA GUIADA**

## Viva a revolución!

Risotadas

Que mellor que o noso monitorado para guiarnos polos distintos recantos da sala e do recinto e descubrir as historias ilustradas, poéticas, revolucionarias e lusófonas que se agochan no Salón?

Público familiar.

**17.30 h**

● **OBRADOIRO**

## RevolucionARTE

Revira Volta

Seguimos coas actividades plásticas desta semana, desta vez cunha auténtica revolución artística pintando sen pintura nin pinceis. Imaxinas como crearemos as nosas obras? Aceptas este singular reto creativo?

Espazo Saudade. A partir de 6 anos.

**17.30 h**

● **ESCOLA DE LECTURA PARA FAMILIAS**

## Ler para dar de ler

Luz Gallego. Libreira

Actividade formativa para pais e nais con reserva previa no enderezo electrónico: [salondolibro@pontevedra.gal](mailto:salondolibro@pontevedra.gal)

Servizo de gardería con solicitude previa.

## 18.15 h

● **CONTACONTOS**

### Contos curtos e revoltos

Andrea Bayer

A nosa amiga Andrea agasallaranos cunha fantástica selección de contos cos que poderemos pensar, rir e, por suposto, revolucionar!

Espazo Reviravolta. Público familiar.

## 18.30 h

● **MÚSICA**

### Percorrido

Brass band do Conservatorio de Pontevedra

Un percorrido musical pola historia do rock internacional como a revolución da vida mesma.

Salón de Actos. Entrada libre.

## 21.00 h

● **TEATRO**

### Celebración \*\*

Sarabela Teatro

Nesta celebración vai pasar algo importante porque está anunciado por terra, mar e aire e porque chegar a ese cóctel é entrar no mundo do luxo. Hai que estar na fotografía do evento, onde están todas aquelas persoas que merecen a pena. E así, invitados e non invitados achéganse ao evento. Que deben facer agora? Agradecer que as tiveran deixado entrar ou reivindicar o seu dereito a participar? Se cadra chegoulles o momento de ocupar a cabeceira da mesa.

Teatro Principal. Entrada 3 euros.

## VENRES 5 de abril

## 10.00 h

● **TEATRO**

### Das aulas universitarias ao público infantil: experiencias didácticas

Sesión a cargo do alumnado de Educación Infantil da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra.

Salón de Actos. Entrada libre ata completar a capacidade.

## 10.00 h -14.00 h

● **ENCANTO DE CLUBS DE LECTURA**

Con Tamara Andrés, Víctor Rivas, Anxo Fariña e Nova Escola

Nesta segunda edición continuamos a celebrar cunha xincana literaria e musical a actividade lectora da nosa rapazada. Quen di que a mocidade non le?

Recinto Feiral.

## 11.30 h

● **TEATRO**

### Celebración \*\*

Sarabela Teatro

Nesta celebración vai pasar algo importante porque está anunciado por terra, mar e aire, porque chegar a ese cóctel é entrar no mundo do luxo. Hai que estar na fotografía do evento, onde están todas aquelas persoas que merecen a pena. E así, invitados e non invitados achéganse ao evento. Que deben facer agora? Agradecer que as tiveran deixado entrar ou reivindicar o seu dereito a participar? Se cadra chegoulles o momento de loitar, de ocupar a cabeceira da mesa.

Teatro Principal.

Actividade concertada con centros de ensino.

## 11.30 h

● **TEATRO**

### Patapatúm \*\*

Elefante Elegante

Sorpresa! Un monte de agasallos! As crianzas non dan feito entre tanto xoguete. E os maiores, atados pola espiral do tempo, non son quen de facer un oco na súa axenda para compartir a fantasía cos máis pequenos.

Auditorio do Pazo.

Sesión concertadas con centros de ensino.

## 12.00 h

● **MÚSICA**

### Alegría!

Sergio Tannus e Marta Bravo

A pequena Alegra, unha eiruga que, con semellante nome, parece claro que ten que ser todo ledicia. Mais as cousas non teñen por que ser necesariamente así e Alegra vai ir vivindo todo un mundo de aventuras sorprendentes que, canción a canción, irán axudándonos a viaxar polo territorio da fantasía. Sabedes? A vida é moito máis feliz cando nos enfrontamos a ela cunha actitude positiva.

Auditorio da Residencia de Miores Campolongo

Actividade para os maiores do centro e o alumnado do CEIP Campolongo.

## 17.30 h

● **OBRA DOIRO DE ILUSTRACIÓN**

### Debuxando a mares. Ilustrando poemas de Antonio García Teijeiro.

Taller Abierto

A obra deste premiado autor é o punto de partida dun obradoiro creativo onde nenos e nenas transformarán as palabras en imaxes que complementen uns textos onde o mar sempre é o protagonista. Trátase dunha actividade familiar na que compartir lecturas e debuxos para fomentar a imaxinación.

Espazo Reviravolta. Público familiar. Prazas limitadas.

## 17.30 h

● **ESCOLA DE LECTURA PARA FAMILIAS**

### Ler para resolver conflitos

Dori Martínez. Psicóloga

Actividade formativa para pais e nais con reserva previa no enderezo electrónico: [salondolibro@pontevedra.gal](mailto:salondolibro@pontevedra.gal)

Servizo de gardería con solicitude previa.

## 18.00 h

● **ROTEIRO**

### Unha cidade de conto

Roteiro familiar polas librarías da nosa cidade con contos, xogos e probas de enxeño.

Actividade previa inscrición no enderezo electrónico: [turinapontevedra@gmail.com](mailto:turinapontevedra@gmail.com)

## 18.00 h

● **ESPECTÁCULO MUSICAL**

### A voar!

Cé Orquestra Pantasma

O son do enerxético ritmo de Cé Orquestra Pantasma, *A voar* conta a historia da pequena Xoana quen, movida pola curiosidade e o desexo de voar, emprenderá unha longa viaxe que mudará a súa vida, amosándonos que só a través do coñecemento dos valores universais seremos quen de mellorar a nosa vida. *A voar* pretende axudar a nenos e nenas a reivindicar a confianza necesaria para satisfacer as súas necesidades de liberdade, movemento e xogo libre. Así pois, rapazada...a voar!!

Recinto Feiral. Anfiteatro. Público familiar.

## 19.00 h

● **TEATRO**

### Patapatúm \*\*

Elefante elegante

Sorpresa! Un monte de agasallos! As crianzas non dan feito entre tanto xoguete. E os maiores, atados pola espiral do tempo, non son quen de facer un oco na súa axenda para compartir a fantasía cos máis pequenos. Patapatúm é a reflexión de como enchamos os baleiros das nosas ausencias, un espectáculo de teatro visual sen palabras para público infantil e familiar a partir de 3 anos.

Auditorio do Pazo.

Auditorio. Público familiar. Custo da entrada a 3 euros.

---

**21.00 h**

● CINEFÓRUM

## Mulleres da Raia

Diana Gonçalves, 2009

Duración: 40 minutos

Mulleres da Raia é unha viaxe á fronteira galega co norte de Portugal que nos transporta ao noso pasado máis recente. O contrabando local e a emigración clandestina eran prácticas habituais nestas terras, aproveitando a proximidade do país veciño. A Raia, como popularmente é coñecida a fronteira, garda unha historia de loita diaria pola supervivencia en que as mulleres son testemuñas e protagonistas. Contaremos coa presenza da directora para posterior debate.

Teatro Principal. Proxección a cargo do Cineclub de Pontevedra.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

---

**21.00 h**


● NOITES ABERTAS

## Escape Book

Risotadas

Xogo de escapismo no que a nosa misión consistirá en saír dunha historia que transcorre na revolucionaria ambientación do Salón.

Pazo da Cultura. Para mocidade de entre 12 e 30 anos.  
Inscripción na web [noitesabertas.gal](http://noitesabertas.gal)



**11.30 h**● **OBRADOIRO****Revolución na granxa**

Revira Volta

A partir da narración da delirante e divertida historia *A vaca que puxo un ovo* falaremos do concepto de darlle a volta ás cousas. Tamén traballaremos coa vaca Maca conceptos como a amizade, a solidariedade e a autoestima. Ao final, un experimento científico para a cativada porque a ciencia tamén é unha verdadeira revolución.

Espazo Saudade. A partir de 3 anos. Prazas limitadas.

**11.30 h**● **OBRADOIRO DE STOP MOTION****Acción. Revolución!**

Kraken

O cinema foi sen dúbida unha revolución á hora de contar historias con imaxes. Neste obradoiro traballaremos a técnica tradicional do stop-motion para creamos xoguetes ópticos como o taumatropo e o flip-book.

Espazo Reviravolta. A partir de 7 anos. Prazas limitadas.

**12.00 h**● **OBRADOIRO****Ganapán Gourmet Lusófono.**

No mercado tamén quixemos coñecer as receitas do noso país veciño e imos preparar uns deliciosos petiscos brasileiros, doces e salgados. Animádevos a viaxar a través dos sentidos?

O ganapán do Mercado. Rúa Serra.  
Inscripcións no enderezo electrónico:  
ogapan@omercado.gal

**12.30 h**● **MÚSICA****Alegría!**

Sergio Tannus e Marta Bravo

A pequena Alegra, unha eiruga que, con semellante nome, parece claro que ten que ser todo ledicia. Mais as cousas non teñen por que ser necesariamente así e Alegra vai ir vivindo todo un mundo de aventuras sorprendentes que, canción a canción, irán axudándonos a viaxar polo territorio da fantasía. Sabedes? A vida é moito máis feliz cando nos enfrontamos a ela cunha actitude positiva. Espectáculo baseado no libro-CD do mesmo título, da colección SonÁrbore de Galaxia.

Recinto Feiral. Anfiteatro. Público familiar.

**17.00 h**● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO****Cociña lusófona: petiscos nordestinos do Brasil**

Amelia Andrade

Que mellor maneira de coñecer un país que a través dos seus contos e a súa gastronomía? Hoxe toca achegarnos ao nordeste do Brasil e levármolos desta viaxe un fantástico sabor de boca.

Espazo GASTROLITERARIO. Recinto Feiral.  
A partir de oito anos. Prazas limitadas.

**17.30 h**● **OBRADOIRO****A revolución 3D**

Ceo Aberto

Cada día máis persoas coñecen a impresión 3D. Esta tecnoloxía está a revolucionar os métodos de prototipado e permite que nos achegemos ao deseño dunha forma ben atractiva.

Durante o taller descubriremos as bases técnicas desta tecnoloxía e aprenderemos a imprimir tanto utilizando impresoras como lapis 3D, para acabar elaborando o noso propio marcapáxinas 3D.

Sala de Obradoiros. A partir de 7 anos. Prazas limitadas.

**17.30 h**● **OBRADOIRO****A revolución do libro**

Van Divulgación

Desde os libros feitos con papiro ou pergamiño ata os libros dixitais que usamos hoxe en día cambiou moito o conto. Neste taller faremos un repaso pola historia do libro desde os seus inicios ata hoxe e incidiremos na revolución que supuxo a invención da imprenta de Gutenberg no século XIV. Teremos a oportunidade de facer este repaso coa axuda de diferentes experiencias prácticas que axudarán a entender o proceso.

Espazo Reviravolta. Público familiar. Prazas limitadas.

**18.00 h**● **CONTACONTOS****A palabra que marchou de viaxe**

Soledad Felloza

Pensastes algunha vez de onde saen as palabras cando falamos? Pois cada vez que unha persoa fala, as palabras saen das páxinas dos dicionarios e colócanse na frase que a necesita. Hai palabras que traballan todo o día, “o” a súa amiga “ela”...

Pero outras como “numismática” saen pouco do dicionario, están todo o día estomballadas nas páxinas, aborrecidas de non facer nada. Nesta sesión de contos aparecerán esta outras historias divertidas, tolas, revolucionarias.

Recinto Feiral. Anfiteatro. Público familiar.

**19.00 h**● **MÚSICA****ESTREA!****Cancións para desafinar \*\***

Gramola Gominola

A Gramola Gominola, gañadores do Premio Martín Códax da Música 2018, confirmase como a mellor banda de rock infantil do momento e no Salón temos en exclusiva a estrea da súa nova achega. Co seu segundo traballo, *Cancións para desafinar*, seguen a facernos gozar de auténticos *hits* como como A Fábrica de Carmela ou Pita Récorde... entre outros. Sen esquecer os éxitos do seu anterior traballo como Campión Internacional que non pode faltar nunca nun directo.

Auditorio do Pazo de Cultura. Prezo 3 euros.

**21.00 h**● **NOITES ABERTAS****Cociña lusófona**

Aprenderemos a preparar uns deliciosos *pastéis de natas* ao tempo que escoitaremos contos e lendas dun dos países convidados á XX edición do Salón. Contos e pratos a pedir de boca!

CEIP Froebel. Mocidade de 12 a 30 anos. Prazas limitadas. No caso de que a demanda supere o número de prazas, darase un sorteo no mesmo lugar.

**11.00 a 14.00 h****Troca de libros. Feira do libro usado**

Os libros teñen máis dunha vida, e así o amosaremos nesta xornada lúdica, literaria e musical organizada polo centros de ensino e ANPAS da contorna e coordinado polo IES Torrente Ballester.

A autora Leticia Costas asinará exemplares das súas obras.

**11.30 h**● **VISITA GUIADA****MOTIM ilustrado.**

Itziar Ezquieta

Unha viaxe pola ilustración portuguesa das últimas décadas da man da docente e ilustradora Itziar Ezquieta. Visita guiada para familias.

Capacidade limitada con inscrición previa no enderezo electrónico: [ponteilustra@gmail.com](mailto:ponteilustra@gmail.com)  
2º andar claustro Edificio Sarmiento.  
Museo de Pontevedra.



## 11.30 h

### MÚSICA

#### Eu conto, ti cantas

Elisabeth Ferreira e Gustavo Almeida

De Portugal e Brasil, os nosos veciños Elisabeth e Gustavo achégannos unha divertida proposta que terá como protagonista a canción *O Leãozinho*, de Caetano Veloso. Ademais de aprender palabras da lingua portuguesa teremos espazo para contos, cantos e baile. Ti tamén podes ser un *leão*? Pois trae a túa melena e a bailar!

Espazo Reviravolta. A partir de 5 anos.

## 11.30 h

### OBRA DOIRO DE STOP MOTION

#### Acción. Revolución!

Kraken

O cinema foi sen dúbida unha revolución á hora de contar historias con imaxes. Neste obradoiro traballaremos a técnica tradicional do stop-motion para creamos unha pequena animación a partir de personaxes que crearemos coas nosas propias mans.

Espazo Saudade. A partir de 7 anos. Prazas limitadas.

## 12.00, 17.00 e 18.30 h

### ESPECTÁCULO MUSICAL

#### Afinal o caracol

Andante teatro

Espectáculo para bebés con poesía de Fernando Pessoa, música de Joaquim Coelho e ilustracións de Mafalda Milhões. É a historia dun caracol, das cóxegas que facía, de como xiraba e xiraba, e de como acabou por non caer. Brincamos coas palabras porque son o noso xoguete favorito, xogamos co seu son, a súa lixeireza, co seu tamaño, coa súa velocidade e tamén coa súa ausencia: o silencio.

Sala de Obradoiros. Espectáculo para crianzas de 0 a 3 anos. Capacidade limitada (40 bebés + 1 acompañante). Prezo 3 euros por asistente.

## 12.30 h

### MÚSICA

#### CONTOS, CANCIÓNS E ELECTRICIDADE!

Rock Lab

Nenos e nenas de entre 4 e 12 anos de idade, amosarán as súas creacións baseadas en historias inspiradas na temática da revolución. Os máis pequenos abrirán cun conto radiofónico musicado ao máis puro estilo Orson Welles, deixando paso as composicións musicais sobre novelas seleccionadas do propio salón, e chegando a un peche de máis carga de watts coa banda formada por profes e alumnos: The Rebel Sound System, unha banda centrada na crítica de accións do ser humano que mancan o planeta e a nosa sociedade.

Recinto Feiral. Anfiteatro.

## 12.30 h

### CONTACONTOS

#### Os contos do coello e outros animais de Mozambique

Anna Griott

África está chea de animais pequenos que non teñen gadoupas, nin cairos, pero conseguen sobrevivir grazas á súa intelixencia. Vide escoitar as historias que a nosa amiga Ana Griott trouxo para nós das súas viaxes pola selva de Mozambique e outras selvas africanas. Ao final da sesión, a autora asinará exemplares das súas obras.

Espazo Teatriño. Público familiar.

## 17.00 h

### OBRA DOIRO GASTRONÓMICO

#### Cociña lusófona: petiscos de Timor

Amelia Andrade

Que mellor maneira de coñecer un país que a través dos seus contos e a súa gastronomía? Por iso inauguramos este espazo gastroliterario no Salón, e desta vez aproveitamos para visitar Asia e achegarnos a Timor. Agardamos levar desta experiencia un bo sabor de boca. Animádevos?

Espazo Gastroliterario. Recinto Feiral. Para crianzas de 4 a 8 anos. Prazas limitadas.

## 17:30 h

### OBRA DOIRO

#### Monstros ilustrados

Ana Griott

Monstros en perigo de extinción, dos que viven nos nosos bosques, nos nosos ríos ou mares, nos nosos ceos, nas nosas casas, dos que xa case non quedan. Ven coñecelos para saber como é a súa cara (na nosa cara) e facerlles fronte!

Sala Reviravolta. A partir de 4 anos. Prazas limitadas.

## 17.30 h

### OBRA DOIRO DE ILUSTRACIÓN

#### Haikus galego-portugueses. Ser galeg@ é...

Cristina Corral

Partindo da obra *Ser Portugués é...* de Ana La Bella Carapinheira e Tania Ballão Lopes, veremos cantas cousas temos @s galeg@s en común coa cultura portuguesa.

A partir desa idea artellaremos un obradoiro de *haikus*, onde, ademais de aprender a construílos, escribiremos os nosos propios poemas, reflexionando sobre a idea de que significa ser galeg@.

Espazo Saudade. A partir de 8 anos. Prazas limitadas.

## 18.30 h

### MÚSICA E CONTOS

#### A formiga no carreiro

Vero Rilo e Sonsoles Penadique

É a nova proposta do dúo Rilo&Penadique que nos convida a unha viaxe polas terras da lusofonía para contar, cantar, bailar e brincar cos contos de tradición oral e a música do libro *Zeca Afonso para crianzas* recentemente editado polas Escolas de Ensino Galego Semente. Facemos carreiro xuntas, vides?

Recinto Feiral. Anfiteatro. Público familiar.

## 19.00 h

### TEATRO

#### Calor\*

Kikolas

*Calor* inspírase na situación na que viven moitas persoas carentes de fogar, viaxeiros involuntarios que se viron forzados a deixar as súas casas, obrigados a marcharse precipitadamente dos seus fogares. Nómades do noso tempo que atravesan o mundo buscando un lugar, a cegas sociedades e culturas, cidades e pobos estranxeiros. Un proxecto escénico de Jean Philippe Kikolas para todos os públicos, que combina o *clown* coas artes circenses e presenta un universo onírico e poético para sentir, a imaxinar e ir.

Auditorio. Público familiar. Entrada a 3 euros.

## 19.00 h

### CINE NO PRINCIPAL

#### O Grúfalo e A filla do Grúfalo

Jakob Schuh e Max Lang, Reino Unido e Alemaña, 2009

*O Grúfalo* e *A filla do Grúfalo* son dúas aventuras cheas de tenrura e valores baseadas nos contos homónimos de Julia Donaldson, referente da literatura infantil moderna. Os dous están editados en galego pola editorial Patas de Peixe.

A adaptación ao cinema d'*O Grúfalo* foi seleccionada en máis de 35 festivais de animación e recibiu numerosos premios. En 2010 foi galardoada no festival de Annecy e un ano despois estivo seleccionada para o Oscar á mellor animación.

Proxección a cargo do Cineclub de Pontevedra

Teatro Principal de Pontevedra  
Público familiar, recomendado a partir de 3 anos.  
Entrada libre ata completar a capacidade.

## LUNS 8 de abril

## 17.00 h

### ENCANTO LECTOR

#### Lemos e somos VIP!

Encanto lector con Marilar Aleixandre a partir da obra *A filla do Minotauro*, da editorial Galaxia, Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil.

Sala VIP. Para alumnado de secundaria.

---

**17.30 h**

● VISITA GUIADA

### **O segredo da revolución!**

Risotadas

Faremos un percorrido lúdico e detectivesco buscando as pistas dos tesouros e segredos que se agochan na revolucionaria ambientación que este ano ten o noso Salón.

A partir de 5 anos.

---

**18.00 h**

● CONTACONTOS

### **Contos de animais**

Sandra Prado

Ratiños, gatos, cans, vacas, ovellas, lobos feroces, porquiños... hai unha chea de animais nos contos! Por que será? Anímaste a escoitar *historias animaladas*?

Espazo Reviravolta. Público familiar.

---

**MARTES 9 de abril**

---

**17.00 h**

● ENCONTRO LECTOR

### **Lemos e somos VIP!**

Encontro lector con Iria Misa a partir da obra *Mamá, eu quero ser Ziggy Stardust*, da editorial Xerais, finalista no Premio Agustín Fernández Paz pola Igualdade.

Sala VIP. Para alumnado de secundaria.

---

**17.30 h**

● OBRADOIRO GASTRONÓMICO

### **Cociña lusófona: petiscos de Portugal**

Amélia Andrade

Que mellor maneira de coñecer un país que a través dos seus contos e a súa gastronomía? Por iso inauguramos este espazo gastroliterario no Salón, para achegarnos ao noso país veciño, Portugal, e levarmos desta viaxe unha saborosa lembranza.

Espazo Gastroliterario. Recinto Feiral.  
Para crianzas de 4 a 8 anos. Prazas limitadas.

---

**19.00 h**

● ENCONTRO LECTOR

### **Lemos e somos VIP!**

Encontro-café lector coa autora Fina Casalderrey a partir do conxunto da súa carreira literaria, das iniciativas culturais que apoia e das súas máis recentes publicacións.

Sala VIP. Aberta ao público.

---



## MERCORES 10 de abril

11.00 e 12.00 h

### ● ENCONTRO DE ILUSTRACIÓN

#### Manga? Iso que é?

Encontro do alumnado de secundaria cos creadores gráficos Kiko Dasilva, Víctor Rivas, Zaida Novoa e Miriam Iglesias arredor da BD e o manga, características, historia e creacións galegas.

Salón de Actos. Encontro concertado con institutos.

17.30 h

### ● VISITA GUIADA

#### Viva a revolución!

Risotadas

Que mellor que o noso monitorado para guiarnos polos distintos recantos da sala e do recinto e descubrir as historias ilustradas, poéticas, revolucionarias e lusófonas que se agochan no Salón?

Público familiar.

18.00 h

### ● CONTACTOS

#### Contos para dar a volta e a Reviravolta

Revira Volta

Hai contos do dereito e contos do revés, contos que soben e que baixan, que veñen e que van. Hoxe imos contar contos que dan a volta e a Reviravolta!

Espazo Reviravolta. Público familiar.

19.00 h

#### Fallo do Xurado do Premio de Narrativa Xuvenil María Victoria Moreno.

Concello de Pontevedra e Urco Editora

Con presenza da concelleira de Cultura, Carme Fouces, responsables de Urco Editora e do xurado.

Recuncho Lector.

20.00 h

### ● ENCONTRO LECTOR

#### Lemos e somos VIP!

Presentación de *Irmá paxaro* de Tamara Andrés, obra finalista do I Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil. Contaremos coa presenza da autora, Tamara Andrés, a ilustradora María Montes e o editor David Cortizo.

Sala VIP.

## XOVES 11 de abril

10.45 h

### ● ENCONTRO LECTOR

#### Lemos e somos VIP!

Encontro lector de Ángel de la Calle, autor da novela gráfica *Pinturas de guerra*, en edición galega de Retranca Editora, con alumnado de ensino secundario de Pontevedra.

Espazo BD.

17.30 h

### ● OBRADOIRO GASTRONÓMICO

#### Cociña lusófona: petiscos de Portugal

Amelia Andrade

Que mellor maneira de coñecer un país que a través dos seus contos e a súa gastronomía? Por iso este espazo gastroliterario no Salón, busca achegarnos ao noso país veciño, Portugal, e facer que levemos desta viaxe un inmemorable sabor de boca.

Espazo Gastroliterario. Recinto Feiral.  
Para crianzas de 4 a 8 anos. Prazas limitadas.

17.30 h

### ● OBRADOIRO

#### A fábrica dos sonhos, mil revolucións por minuto

Tegra Gómez e Zeltia Pinto

Con Tegra e Zeltia faremos un xogo de enxeño, no que o público asistente terá que ir descifrando varias probas que nos axudarán a entender mellor que son as revolucións, a través dunha moi concreta que aconteceu no país veciño: a revolución dos Cravos. Sabedes o que é un *cravo* en Portugal?

Espazo Reviravolta. Público familiar.

18.00 h

### ● OBRADOIRO

#### A revolución na granxa

Revira Volta

A partir da narración da delirante e divertida historia A vaca que puxo un ovo falaremos do concepto de dar a volta ás cousas. Tamén traballaremos coa vaca Maca conceptos como a amizade, a solidariedade e a autoestima. Ao final, un experimento científico para a cativada porque a ciencia tamén é unha verdadeira revolución.

Espazo Saudade. A partir de 3 anos.

19.00 h

### ● PRESENTACIÓN

#### Pinturas de guerra

Novela gráfica de Ángel de la Calle na súa edición galega de Retranca Editora. Asistirán Ángel de la Calle, autor e Kiko Dasilva, editor.

Espazo BD.

21.00 h

### ● ENCONTRO LECTOR

#### Lemos e somos VIP!

Encontro coa editora brasileira Urutau. Poesía, petiscos brasileiros e cachaça, coa compañía do editor Wladimir Vaz e a poeta Cristina Corral.

Taberna do Jazz. Rúa San Sebastián 19.

## VENRES 12 de abril

18.00 h

### ● MÚSICA

#### Veñan máis 20!

CLAUSURA DO SALÓN DO LIBRO MUSICADO POLO ALUMNADO DO ROCKLAB

O XX aniversario do Salón pon o seu peche cunha xornada ben rockeira, nun acto amenizado e musicado polo alumnado de 4 a 10 anos. Máis de 50 mozos e mozas dos obradoiros do Rocklab, acompañados de Andrea Bayer, guiarán ao público dentro dunha viaxe audiovisual e musical interpretada en directo polos máis pequenos da cidade de Pontevedra. Historias de revolución da humanidade, contos musicais sobre loita e rebeldía, relatos en vídeo e audio acompañados de interpretación en escena e unha boa carga de voltaxe, electrónica e Rock n' Roll!!! Tamén faremos unha homenaxe moi especial a todos os axentes que fixeron posible as dezanove precedentes edicións do Salón, co desexo de que... veñan máis vinte!

Auditorio. Público familiar.  
Entrada libre ata completar a capacidade.

Hai moitos ollos no mundo,  
ollos ledos e baleiros,  
pequerrechos, preguiceiros,  
ollos tristes e profundos.

Ollos ollando os abrentes,  
ollos con olladas frías,  
ollos de noites e días,  
olladas de ollos doentes.

Ollos claros e marróns,  
azuis, negros, verde escuro,  
ollos que baten nos muros,  
ollos-corisco e limón.

Ollos das pombas feridas,  
ollos limpos, meiguiceiros,  
ollos que aluman carreiros,  
ollos de olladas perdidas.

Hai moitos ollos na terra,  
ollos ollando as olladas  
doutros ollos e as moradas  
de tantos ollos que berran.

# Antonio García Teijeiro

AUTOR HOMENAXEADO

Ilustración de Marcos Viso.

Poema incluído na obra *Paseniño, paseniño*, Edicións Xerais.





# II CONGRESO INTERNACIONAL DE MEDIACIÓN LECTORA A REVOLUCIÓN!

XX SALÓN DO LIBRO  
INFANTIL E XUVENIL DE PONTEVEDRA

Salón de Actos do Pazo da Cultura de Pontevedra: 27-30 de marzo de 2019

Inscripcións a través de: [www.salondolibro.gal](http://www.salondolibro.gal)

## Entidades organizadoras

Concello de Pontevedra.

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de  
Pontevedra (Universidade de Vigo).

Rede temática de investigación *Las Literaturas Infantiles y  
Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano* (LIJMI).

Instituto de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago  
de Compostela.

## Comité científico

Jesús Sebastián Díaz Armas (Universidad de La Laguna),  
Carmen Franco Vázquez (Liter21. Universidade de Santiago  
de Compostela), Xabier Etxaniz Erle (Euskal Herriko  
Unibertsitatea), Laura Guerrero Guadarrama (Universidad  
Iberoamericana Ciudad de México), Ana Cristina Vasconcelos  
Pereira de Macedo (Escola Superior de Educação do  
Instituto Politécnico de Porto), Alice Aurea Penteadó Martha  
(Universidade Estadual de Maringá), Ana María Porto Castro  
(ICE. Universidade de Santiago de Compostela), Sara Reis  
da Silva (Universidade do Minho), Blanca-Ana Roig Rechou  
(LIJMI-ICE. Universidade de Santiago de Compostela), Veljka  
Rusicka Kenfel (Universidade de Vigo), Caterina Valriu Llinàs  
(Universitat de les Illes Balears).

## Secretaría

Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González  
(Universidade de Vigo).

Eva Mejuto (Coordinadora do Salón do Libro).

Amelia Andrade.

## MÉRCORES 27 DE MARZO

Inauguración oficial a cargo de Carme Fouces, Concelleira de Cultura, Educación e Igualdade

### 16.00-16.45 h

Conferencia inaugural a cargo da escritora e xornalista brasileira: **A lectura como revolución**

Marina Colasanti

### 16.45-18.15 h

Espazos para a lectura. Experiencias de dinamización lectora

- Ana Margarida Ramos. Universidade de Aveiro, Portugal.
- Cristina Novoa. Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia.
- Eulalia Agrelo. Universidade de Vigo.

### 18.15-18.30 h

Descanso

### 18.30-20.00 h

● OBRADOIROS

Un a escoller:

**Ritmos urbanos en galego**

Vella Escola

**Narrar con imaxes**

André Neves (Brasil)

**Escolas lectoras**

Volnei Canonica (Brasil)

**Aulas sen paredes: teatro na escola**

Rosalía Fernández Rial

**Abordaxe literaria sobre o acoso escolar e de xénero**

Susana Aliano (Uruguay)

**Ler en voz alta**

Charo Pita

### 20.00 h

● PRESENTACIÓN DE LIBRO

**Revolución e vida: Ilse Losa e O mundo en que vivín, de Hércules de Ediciones.**

Ana Cristina Vasconcelos de Macedo, especialista en Ilse Losa, Anxo Tarrío, tradutor da obra e Laura Rodríguez, editora.

## XOVES 28 DE MARZO

### 16.00-16.45 h

Contar con imaxes. **Diálogo Ilustrado**

Roger Melo (Brasil) Premio Andersen de Ilustración e Xosé Cobas, ilustrador e deseñador (Galiza).

### 16.45-18.15 h

**A revolución do álbum ilustrado**

- Xosé Ballesteros, Kalandraka Editora (Galiza).
- Fanuel Hanán (Investigador LIX, Venezuela).
- Ana Biscaia (Premio Nacional de Ilustración, Portugal).

### 18.15-18.30 h

Descanso

### 18.30-20.00 h

● OBRADOIROS

Un a escoller:

**Isto non vai de libros: aprender a valorar a LIX dixital**

Lucas Ramada

**Circuitos en papel**

Paola Guimeráns

**De que está feito un libro-álbum?**

Fanuel Hanán (Venezuela)

**Libros de pano, tecidos que contan**

Bru Junça (Portugal)

**Ler a tradición oral pola subversión da escrita creadora**

Zetho Gonçalves (Angola)

**Escrita creativa: narrando cancións**

Henrique Rodrigues (Brasil)

## VENRES 29 DE MARZO

### 16.00-16.45 h

**Ler nas marxes**

Volnei Canonica, especialista en LIX e responsable do Instituto de Leitura Quindim (Caixas do Sul, Brasil)

### 16.45-18.15 h

**Novos camiños cara á lectura**

- Lucas Ramada, Universitat Autònoma de Barcelona, experto en ficción dixital e novos soportes.
- Francisco Castro, escritor e director da editorial Galaxia.
- Luísa Martínez, responsable de Cultura Científica do CSIC.

### 18.15-18.30 h

Descanso

### 18.30-20.00 h

● OBRADOIROS

Un a escoller:

**Isto non vai de libros: aprender a valorar a LIX dixital**

Lucas Ramada

**Radio e revolución**

Rede Espora

**Ilustrar murais**

Nana Art

**YouTubers, BookTubers**

Miguel Silva

**Feminismo e LIX**

Montse Penas

**Escrita creativa: Autoficción**

Anna Pessoa (Portugal)

## SÁBADO 30 DE MARZO

### 10.00-10.45 h

**A revolución dos cravos na literatura infantil e xuvenil**

José António Gomes, escritor e investigador (Portugal)

### 10.45-12.15 h

**As escritas da revolución**

- Rosa Aneiros (narrativa, Galiza).
- Carlos Negro (poesía, Galiza).
- Ana Pessoa (narrativa, Portugal).

### 12.15-12.30 h

Descanso

### 12.30-13.15 h

● CONFERENCIA DE PECHE

**Ser sábio não custa trabalho**

A cargo do poeta e tradutor angolano Zetho Cunha Gonçalves

### 13.15-14.00 h

● RECITAL POÉTICO

**Versos e sotaques**

João Pedro Mésseder (Portugal), Rosa Aneiros (Galiza), Carlos Negro (Galiza), Ana Pessoa (Portugal), Zetho Gonçalves (Angola) e Henrique Rodrigues (Brasil)

### 16.30 h

● OBRADOIRO

**Lectura e hiperlectura no mundo dixital**

Benita Prieto

Sesión formativa específica para BAMAD Galicia (Asociación de Profesionais de Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de Documentación de Galicia).

# EXPOSICIÓNS

## NO ESPAZO DO SALÓN (PAZO DA CULTURA)

Coordinadas e deseñadas pola Asociación Socioeducativa e Cultural Paspallás en colaboración con Trisquelia, Ana Seoane e Elefantes de Cacharrería.

### Traballos dos centros de ensino

Obras que 60 centros de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato de toda Galiza realizaron ao longo do curso da man do profesorado. Maquetas e libros, pinturas e ilustracións, esculturas, vídeos, instalacións e podcast que tiveron como inspiración o tema deste ano “a revolución”, a cultura convidada: a lusofonía e a obra do autor homenaxeado: Antonio García Teijero.

### Ambientación xeral do Pazo da Cultura

Paspallás, Trisquelia, Ana Seoane e Elefantes de Cacharrería son as responsables de deseñar e crear un acolledor e revolucionario espazo que nos convida a gozar da lectura e xogar, ao tempo que nos achega á cultura convidada, a lusofonía, e á obra do autor homenaxeado. Tamén conta coa participación do alumnado da facultade de Belas Artes de Pontevedra no deseño dun espazo de contacontos.

### Paseniño, paseniño

Coa sutileza con que se desprazan as aves no aire, os poemas de Antonio García Teijero, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil e autor homenaxeado este ano no Salón, dialogan neste traballo coas excepcionais ilustracións de Marcos Viso. Ambos os dous seguen o rastro das pegadas que Rosalía de Castro deixou sobre as palabras, a natureza e o amor. Un traballo elegante e delicado, que destila emoción. Composición expositiva baseada no álbum do mesmo título editado por Xerais.

### REVOLUCIÓN!

A estoniana Tiiu Kitsit foi a gañadora da segunda convocatoria do Concurso Internacional de Ilustración do Salón, convocado por Gáliz e o Salón para ilustrar esta edición. O seu traballo e os doce finalistas, seleccionados entre as 115 propostas recibidas de 34 países, conforman esta suxestiva e revolucionaria mostra que pon en valor o potencial expresivo e comunicativo da ilustración.

### Carvoeirinhos

De forma delicada, poética e original, Roger Mello, Premio Andersen de Ilustración, narra a historia da dura realidade cotiá dun rapaz que traballa nas minas de carbón de Brasil. As expresivas ilustracións do autor captan con sensibilidade e forza a vida dura e gris deses pequenos traballadores. Álbum editado en Brasil por Companhia das Letrinhas.

### Voar

Fragmentos de voos acompañan catro obras do autor e ilustrador brasileiro André Neves.

A materia prima do seu traballo nestes libros son os movementos das pequenas cousas que na nosa velocidade interior adoitan impedirmos percibir. Coa técnica, personaxes peculiares e un ritmo propio, o autor mostra un xeito de ser ollado con liberdade. quen observa simplemente abre os ollos e cae no ceo de cada imaxe para imaxinar. E entón, preguntámonos, a infancia vive dentro ou fóra das ás?

### Portuguesas con M Grande

Un percorrido literario e visual ilustrado por Cátia Vidiñas que nos ofrece unha escolma das máis destacadas figuras femininas de Portugal, no ámbito literario, político, científico, deportivo...

### R-evolución do MI

Máster Ilustra. O alumnado Master libro Ilustrado e Animación Audiovisual da Universidade de Vigo, coordinado por Itziar Ezquieta ofrece unha visión ilustrada revolucionaria ao longo do tempo para descubrir acontecementos, persoeiros e ideas que R-evolucionaron coa nosa Historia.

## NO RECINTO FEIRAL 22 marzo ao 12 de abril

### Ambientación xeral

Coordinadas e deseñadas pola Asociación Socioeducativa e Cultural Paspallás en colaboración con Trisquelia, Ana Seoane e Elefantes de Cacharrería.

### A miña cidade

Un percorrido entre a realidade e a fantasía pola cidade soñada e deseñada polas crianzas. As poéticas imaxes de Susana Suniaga viaxan por distintos espazos urbanos desde a perspectiva imaxinada dunha nena. Como sería para ti o lugar ideal onde vivir? Achégate a explorar a proposta ilustrada desta Urbtopía, editada por Capicúa Editora.

### Clube Mediterráneo

Baseado na obra do mesmo título, esta orixinal e revolucionaria instalación trata sobre o drama dos refuxiados que arriscan a vida no Mediterráneo soñando con poder fuxir da guerra, da fame e atopar unas condicións dignas de vida. O libro está creado a partir de poemas de João Pedro Mésseder, imaxes de Ana Biscaia, Premio Nacional de Ilustración de Portugal e deseño de Joana Monteiro, editado por Xerefé.

### AO FINAL DA FUXIDA. Making of: Pinturas de Guerra

Ángel de la Calle presenta unha exposición de orixinais da súa última novela gráfica, *Pinturas de guerra*, traducida ao

galego por Retranca Editora. Este libro de Banda deseñada recibiu o premio á Mellor Obra no Salón do Cómic de Barcelona 2018 e foi o único nominado español no prestigioso premio do Festival Internacional de BD de Angouleme 2019. Narra a historia dun autor de BD español que chega a París na procura de documentación sobre a actriz Jean Seberg. E sen darse conta verase envolto nunha trama de represión contra pintores latinoamericanos que fuxiron das ditaduras militares dos seus países.

### INTRATERRA, unha BD subterránea

Esta exposición amosa o proceso de creación dunha BD longa cunha estética homoxénea, feita por 25 alumnos/as do Curso Profesional de BD de O GARAXE HERMÉTICO. ‘Intraterra’ relata a historia da comunidade do BÚNKER 0018, situado na Tundra Rusa, que vive en conmovión por un asasinato. É a quinta BD que se realiza en O Garaxe Hermético coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

## NO MUSEO DE PONTEVEDRA SEGUNDO ANDAR CLAUSTRO EDIFICIO SARMIENTO 22 de marzo ao 28 de abril

### MOTIM. Movemento de ilustração portuguesa

Un movemento de imaxes onde a ilustración portuguesa se revela cos seus propios trazos, cores e formas a partir da obra de 35 creadoras e creadores plásticos do noso país veciño. Mostra creada por Carpe Librum e O Bichinho de Conto, con apoio da Dirección-Geral do Livro, dos Arquivos e das Bibliotecas (DGLAB) de Portugal.

Visitas familiares guiadas os domingos.

## NA BIBLIOTECA PÚBLICA ANTONIO ODRIOZOLA 21 de marzo ao 13 de abril

### Os obxectivos do desenvolvemento sostible. Un camiño para acabar coa pobreza alá e acolá

### Inauguración o 21 de marzo ás 12.00 h

Dezasete propostas plásticas de ilustradores e ilustradoras de Galiza, Mozambique, Cabo Verde e Guinea-Bissau, que pretenden fomentar a reflexión sobre a loita contra a fame, o acceso á saúde e á educación, a equidade de xénero e a protección do planeta. Realizada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.



#### Entidades e persoas colaboradoras

Andrea Bayer  
Asesoría de Bibliotecas Escolares CCEOU  
Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG)  
Asociación Galega de Editoras (AGE)  
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola  
Centro de Formación e Recursos de Pontevedra (CEFORE)  
Centros de Ensino de Pontevedra e comarca  
Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC)  
Cineclube Pontevedra  
Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga  
Deputación Provincial de Pontevedra  
ETL Paspallás  
Fina Casalderrey  
Gálix  
Kiko da Silva  
Lali Agrelo  
Mestrado en libro ilustrado e Animación Audiovisual  
Museo de Pontevedra  
O Ganapán  
O Garaxe Hermético  
Universidade de Vigo. Facultades de Belas Artes, Ciencias Sociais e da Comunicación e Ciencias da Educación.  
Pavis Pavós  
Pilar Sampedro  
Raquel Queizás  
Rede Temática de Investigación LIJMI. Instituto de Ciencias da Educación USC  
Seminario Permanente de Jazz  
Sétima Feira  
Taberna do Jazz  
Victor Rivas  
Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra  
Sopa de Gallo

#### Un agradecemento moi especial ás institucións:

Embaixada de Brasil en España  
Direção-Geral do Livro, dos Arquivos e das Bibliotecas (DGLAB) de Portugal  
Instituto Camões- Centro Cultural Português en Vigo  
Carpe Librum  
O Bichinho de Conto  
Braga em Risco

Este programa e todo o afecto do Salón do Libro vai para **Antonio García Teijeiro**,  
pola súa contribución á literatura infantil e xuvenil na nosa lingua e polo seu traballo en dignificar e divulgar a poesía para as crianzas.

Ás librarías de Pontevedra, ás escolas galegas e aos colectivos,  
e a tantas persoas que axudaron a facer realidade estes vinte anos do Salón,

GRAZAS  
Salón Internacional do Libro Infantil  
e Xuvenil de Pontevedra

O SALÓN é unha actividade promovida e financiada por:



[www.salondolibro.gal](http://www.salondolibro.gal)



As actividades marcadas con \*\* contan co apoio económico de:



As actividades marcadas con \* contan co apoio económico de:



Coa colaboración económica de:

